

no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Sexto. Entrada en vigor.- Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Corrección de erros.-Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade.

Advertido erro no citado decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 100, do 25 de maio de 2007, cómpre facer a oportuna corrección:

Na páxina 8.661, no artigo 5º punto 2, onde di: «As solicitudes de integración serán tramitadas e resoltas polo Servizo Galego de Saúde no prazo dos seis meses desde a finalización do período de presentación daquelas...», debe dicir: «As solicitudes de integración serán tramitadas e resoltas polo Servizo Galego de Saúde no prazo dos tres meses desde a finalización do período de presentación daquelas...».

Na páxina 8.667, no cadro da *Fundación Centro de Transfusión de Galicia* (CTG), onde di:

«FUNDACIÓN CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA

Definición segundo convenio da <i>Fundación Centro de Transfusión de Galicia</i>	Homologación Sergas
Técnico superior de xestión	Grupo: persoal de xestión e servizos do grupo licenciados (grupo A) Categoría: técnico da función administrativa, técnico superior»
Responsable de comunicación	
Responsable de promoción	
Técnico superior	

Debe dicir:

«FUNDACIÓN PÚBLICA CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA

Definición segundo convenio da <i>Fundación Centro de Transfusión de Galicia</i>	Homologación Sergas
Responsable de comunicación	Grupo: persoal de xestión e servizos do grupo licenciados (grupo A) Categoría: técnico da función administrativa, técnico superior
Responsable de promoción	
Técnico superior	Grupo: persoal sanitario con formación profesional específica (grupo C) Categoría: técnico especialista
Axudante de laboratorio	
	Grupo: persoal non sanitario con formación profesional específica (grupo C) Categoría: administrativo, técnico especialista non sanitario»

Na páxina 8.667, no cadro *Fundación Pública Hospital de Verín*, onde di:

«FUNDACIÓN PÚBLICA HOSPITAL DE VERÍN

Definición convenio fundación/empresas públicas	Definición fundación/empresa pública	Homologación Sergas
1. Facultativo especialista	1. Facultativo especialista	Grupo: licenciados sanitarios (grupo A) Categorías: facultativo especialista de área, médico de urxencias hospitalarias
2. Facultativo non especialista		Grupo: licenciados sanitarios (grupo A) Categoría: médico de admisión e documentación clínica
4. Titulado universitario de grao medio sanitario ou formación equivalente	4. Titulado universitario de grao medio sanitario ou formación equivalente con especialidade (matrón/a)	Grupo: diplomado sanitario (grupo B) Categoría: ATS/DUE
5. Titulado universitario de grao medio non sanitario	5. Titulado universitario de grao medio non sanitario	Grupo: persoal de xestión e servizos diplomados universitarios (grupo B) Categorías: técnico de xestión de sistemas e tecnoloxías da información, Grupo de xestión da función administrativa»

Debe dicir:

«FUNDACIÓN PÚBLICA HOSPITAL DE VERÍN

Definición convenio fundación/empresas públicas	Definición fundación/empresa pública	Homologación Sergas
1. Facultativo especialista	1. Facultativo especialista	Grupo: licenciados sanitarios (grupo A) Categorías: facultativo especialista de área, médico de urxencias hospitalarias, médico de admisión e documentación clínica
4. Titulado universitario de grao medio sanitario ou formación equivalente	4. Titulado universitario de grao medio sanitario ou formación equivalente con especialidade (matrón/a)	Grupo: diplomado sanitario (grupo B) Categoría: ATS/DUE
	4. Fisioterapeuta	Grupo: diplomado sanitario (grupo B) Categoría: fisioterapeuta
5. Titulado universitario de grao medio non sanitario	5. Titulado universitario de grao medio non sanitario	Grupo: persoal de xestión e servizos diplomados universitarios (grupo B) Categorías: técnico de xestión de sistemas e tecnoloxías da información, grupo de xestión da función administrativa, traballador social»

Na páxina 8.667, no cadro *Fundación Pública Hospital da Barbanza*, onde di:

«FUNDACIÓN PÚBLICA HOSPITAL DA BARBANZA

4. Titulado universitario de grao medio sanitario ou formación equivalente	4. Enfermeiro/a	Grupo: diplomado sanitario (grupo B) Categorías: ATS/DUE e matrón/a
	4. Fisioterapeuta	Grupo: diplomado sanitario (grupo B) Categoría: fisioterapeuta»

Debe dicir:

«FUNDACIÓN PÚBLICA HOSPITAL DA BARBANZA

4. Titulado universitario de grao medio sanitario ou formación equivalente	4. Enfermeiro/a	Grupo: diplomado sanitario (grupo B) Categorías: ATS/DUE
	4. Fisioterapeuta	Grupo: diplomado sanitario (grupo B) Categoría: fisioterapeuta»

Na páxina 8.669, no cadro *Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía (INGO)*, onde di:

«FUNDACIÓN PÚBLICA INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA (INGO)

Definición convenio fundación/empresas públicas	Definición fundación/empresa pública	Homologación Sergas
7. Técnico con formación profesional superior ou equivalente non sanitario	Grupo 7: administrativo/a	Grupo: persoal de xestión e servizos de formación profesional, técnico superior ou persoal con título equivalente (grupo C) Categoría: técnico especialista en sistemas e tecnoloxías da información»

Debe dicir:

«FUNDACIÓN PÚBLICA INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA (INGO)

Definición convenio fundación/empresas públicas	Definición fundación/empresa pública	Homologación Sergas
7. Técnico con formación profesional superior ou equivalente non sanitario	Grupo 7: administrativo/a	Grupo: persoal de xestión e servizos de formación profesional, técnico superior ou persoal con título equivalente (grupo C) Categoría: administrativo/a
9. Técnico con formación profesional ou equivalente non sanitaria	Grupo 9: técnico con formación profesional	Grupo: persoal de xestión e servizos de formación profesional, técnico ou persoal con título equivalente (grupo D) Categoría: auxiliar da función administrativa»

Na páxina 8.669, no cadro *Instituto Galego de Medicina Técnica (MEDTEC)*, onde di:

«INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA (MEDTEC)

Definición convenio fundación/empresas públicas	Definición fundación/empresa pública	Homologación Sergas
9. Técnico con formación profesional ou equivalente non sanitaria	09. Técnico formación profesional básica non sanitaria: auxiliar administrativo axudante sanitario	Grupo: persoal de xestión e servizos de formación profesional, técnico ou persoal con título equivalente (grupo D) Categorías: persoal de servizos xerais integrado, auxiliar da función administrativa»

Debe dicir:

«INSTITUTO GALEGO DE MEDICINA TÉCNICA (MEDTEC)

Definición convenio fundación/empresas públicas	Definición fundación/empresa pública	Homologación Sergas
9. Técnico con formación profesional ou equivalente non sanitaria	09. Técnico formación profesional básica non sanitaria: auxiliar administrativo axudante sanitario e de servizos xerais	Grupo: persoal de xestión e servizos de formación profesional, técnico ou persoal con título equivalente (grupo D) Categorías: persoal de servizos xerais, auxiliar da función administrativa»

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Decreto 149/2007, do 19 de xullo, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na PO-548 Pontecesures (N-550)-Vilagarcía de Arousa, treito: p.k. 0+000 ao 3+000. Clave PO/06/019.06.

Con data do 8 de xuño de 2007, o director xeral de Obras Públicas, por delegación da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes aprobou o proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na PO-548 Pontecesures (N-550)-Vilagarcía de Arousa, treito: p.k. 0+000 ao 3+000. Clave PO/06/019.06.

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo segundo do Decreto 156/82, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, considerándose xustificada a referida declaración pola súa incidencia favorable na seguridade viaria, por tratarse dun treito con moitos accidentes que require unha adaptación das múltiples interseccións existentes.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación con previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día dezanove de xullo de dous mil sete.

DISPOÑÓ

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, para efectos de expropiación, no proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na PO-548 Pontecesures (N-550)-Vilagarcía de Arousa, treito: p.k. 0+000 ao 3+000. Clave PO/06/019.06.

Santiago de Compostela, dezanove de xullo de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estéves
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes